

- d) as exixencias de idoneidade para os accionistas ou socios que posúan unha participación cualificada na entidade con cometido especial;
- e) a exixencia de procedementos administrativos e contables sólidos e de mecanismos de control interno e de xestión de riscos adecuados;
- f) as exixencias en materia contable, prudencial e de información estatística;
- g) as exixencias de solvencia destas entidades.»

Trece. Modificacións da disposición derradeira primeira, «Bases da ordenación de seguros e competencias exclusivas do Estado».

Modifícanse as seguintes referencias a preceptos que non teñen carácter de básicos, contidas no punto 1.a) da disposición derradeira primeira desta lei:

- a) a referencia ao “puntos 5 e 7 do artigo 25” substitúese polos “puntos 5, 7 e 8 do artigo 25”;
- b) suprímese a referencia ao “artigo 58”.

Disposición derogatoria.

No momento da entrada en vigor desta lei queda derogada a disposición adicional novena da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados.

Quedan derogadas igualmente cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. Bases da ordenación dos seguros.

Para os efectos do disposto no artigo 149.1.11.^a e 13.^a da Constitución, as disposicións contidas nesta lei teñen a consideración de bases da ordenación dos seguros, excepto o punto cinco do artigo único.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor o 9 de decembro de 2007.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 2 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

12871 *CORRECCIÓN de errata da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.* («BOE» 158, do 3-7-2007.)

Advertida errata na publicación da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 17 en lingua galega, do 2 de xullo de 2007, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 2246, segunda columna, primeiro parágrafo da epígrafe VI da exposición de motivos, onde di: «A lei estrutúrase en catro títulos», debe dicir: «A lei estrutúrase en cinco títulos».

MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

12875 *ORDE ECI/1957/2007, do 6 de xuño, pola que se establecen os currículos de ensinanzas de relixión católica correspondentes á educación infantil, á educación primaria e á educación secundaria obrigatoria.* («BOE» 158, do 3-7-2007.)

O Acordo entre o Estado español e a Santa Sé sobre ensinanzas e asuntos culturais garante que os alumnos de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria que así o soliciten teñan dereito a recibir ensino da relixión católica e indica que á xerarquía eclesiástica lle corresponde sinalar os contidos do devandito ensino. De conformidade co dito acordo, a disposición adicional segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que se incluíra a relixión católica como área ou materia nos niveis educativos que corresponda, que será de oferta obrigatoria para os centros e de carácter voluntario para os alumnos.

O Real decreto 1630/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo da educación infantil, indica na súa disposición adicional que as ensinanzas de relixión se incluírán neste segundo ciclo e, con respecto á relixión católica, que o currículo do ensino será competencia da xerarquía eclesiástica.

O Real decreto 1513/2006, do 7 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas de educación primaria, indica na súa disposición adicional primeira que as ensinanzas de relixión se incluírán nesta etapa educativa e, con respecto á relixión católica, que a determinación do currículo do ensino será competencia da xerarquía eclesiástica.

O Real decreto 1631/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á educación secundaria obrigatoria, indica na súa disposición adicional segunda que as ensinanzas de relixión se incluírán nesta etapa educativa e, con respecto á relixión católica, que a determinación do currículo do ensino será competencia da xerarquía eclesiástica.

De acordo cos preceptos indicados, a Conferencia Episcopal Española determinou os currículos do ensino de relixión católica correspondentes á educación infantil, á educación primaria e á educación secundaria obrigatoria.

Na súa virtude, dispoño:

Primeiro.—Os currículos do ensino de relixión católica correspondentes á educación infantil, á educación primaria e á educación secundaria obrigatoria son os que se inclúen, respectivamente, nos anexos I, II e III.

Segundo.—Correspóndelles ás administracións educativas adoptar as medidas precisas, no ámbito das súas competencias, para que os currículos se impartan nos termos en que se establecen nesta orde.

Terceiro.—Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 6 de xuño de 2007. -A ministra de Educación e Ciencia, Mercedes Cabrera Calvo-Sotelo.

ANEXO I

Educación infantil

Introdución

A formación relixiosa e moral católica pretende contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo

especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propia do ensino relixioso a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a se relacionar con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe. O sentido transcendente da vida -capacidade básica do individuo- está enraizado no máis profundo do ser, e o neno pódoo recoñecer, segundo os niveis de aprendizaxe propios de cada idade, nos símbolos e signos do seu contorno, nas experiencias relixiosas dos seus maiores, na cultura que se transmite na escola. Non podería existir unha formación integral se non se desenvolvesen todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se atopa constitutivamente a capacidade transcendente. O ensino relixioso pretende contribuír así á calidade da educación, coa proposta e desenvolvemento dos coñecementos, valores e actitudes que conforman o seu currículo.

Esta formación relixiosa e moral católica conta cunha longa tradición no sistema educativo español e, respondendo a razóns profundas da institución escolar e a dereitos humanos recoñecidos pola Constitución española, está garantida actualmente polo Acordo suscrito entre o Estado español e a Santa Sé sobre ensino e asuntos culturais, asinado o 3 de xaneiro de 1979, no cal se establecen os principios que fan posible as garantías constitucionais.

O ensino relixioso católico na educación infantil parte da experiencia do neno nesta idade de 3 a 6 anos en referencia a tres grandes ámbitos: a identidade e autonomía persoal, o descubrimento do medio físico e social, e a comunicación e representación da realidade. Estes tres ámbitos de experiencia non son tratados de forma fragmentada ou independente uns doutros, senón en mutua relación e interdependencia. A experiencia relixiosa do neno medra á vez que se desenvolve a súa autonomía e identidade persoal en relación co medio.

O ensino relixioso católico pretende achegar o neno ás claves principais da fe cristiá, axudalo a descubrir esta experiencia no seu contorno, e a que el mesmo desenvolva as súas facultades de expresión e se inicie nos elementos primeiros que facilitan a comunicación con Deus. A síntese da mensaxe cristiá que se presenta no currículo fundamenta e motiva os valores e actitudes básicos, favorece os hábitos de comportamento e contribúe tamén ao desenvolvemento de destrezas e habilidades que se exercitan nos tres ámbitos de experiencia enunciados. Para iso, este currículo vólvese dos elementos cristiáns presentes no contorno do alumno, as imaxes e símbolos, a linguaxe e outros recursos que fan posible a comprensión da experiencia relixiosa axeitada a esta idade.

Conforme as competencias establecidas no citado acordo internacional e recoñecidas na disposición adicional segunda da Lei orgánica de educación 2/2006, do 3 de maio, correspóndelle á Conferencia Episcopal Española fixar o currículo da área de relixión e moral católica.

Obxectivos:

Ao finalizar a educación infantil preténdese que o/a neno/a sexa quen de:

1. Descubrir e coñecer o propio corpo, regalo de Deus, promovendo a confianza e o desenvolvemento das súas posibilidades persoais.
2. Observar as manifestacións do contorno familiar, social e natural que expresan a vivencia da fe católica

para se sentir membro da comunidade relixiosa a que pertence.

3. Observar e describir elementos e relatos relixiosos cristiáns que lle permitan ao neno desenvolver os valores e actitudes básicas de respecto, confianza, alegría e admiración.

4. Expresar e celebrar as tradicións, festas e aniversarios máis importantes, exercendo as primeiras habilidades motrices, para se relacionar cos demais e para acceder á oración, aos cantos de loanza e ao sentido das festas relixiosas.

5. Favorecer a realización de actividades que promovan a participación, a cooperación e a xenerosidade como medio de expresar o amor de Deus e a fraternidade.

6. Descubrir que os cristiáns chaman Pai a Deus creador de todas as cousas, e saben que está con todos nós, que nos quere e nos perdoo sempre.

7. Coñecer que Xesús naceu en Belén e é amigo de todos e nos quere, morreu por nós e resucitou para estar connosco.

8. Descubrir que a Virxe María é a Nai de Xesús e tamén Nai de todos os cristiáns, que forman unha gran familia.

9. Respetar as persoas e cousas do seu contorno, coidalas e preocuparse por elas, como Xesús fixo e nos ensinou a facer.

Contidos:

1. O corpo humano obra de Deus creador coa colaboración dos pais. A diferenciación sexual (neno-nena) como don recibido de Deus.

2. Valoración da saúde como regalo de Deus. Medios que Deus nos ofrece para conservar a saúde: a proximidade das persoas que nos atenden e queren, alimentos, vestido e limpeza.

3. A creación, obra de Deus e regalo aos seus fillos. Deus pide colaboración e respecto no coidado e uso da natureza e das cousas. Gratidade e admiración pola creación.

4. Os símbolos relixiosos: a luz, a auga, o sal e o aceite.

5. Deus é o noso Pai, cóídanos e invítanos a servir os demais.

6. Deus fala. A Biblia, o libro santo dos cristiáns. Admiración e coidado do libro que contén a palabra de Deus.

7. Algúns textos importantes que se refiren, sobre todo, a Xesús e María (Nosopai, Ave María e algunhas expresións relixiosas da nosa tradición cristiá).

8. Algunhas palabras significativas para os cristiáns: Deus Pai, Xesús, o Fillo de Deus e amigo noso, a Virxe María Nai de Xesús e Nai nosa, a Igrexa.

9. O amor de Xesucristo. Relatos do nacemento, vida, morte e resurrección de Xesús.

10. Xesús coida das persoas e preocúpase por elas. Algunhas pasaxes do Evanxeo: a ovella perdida, as vodas de Caná, Xesús e os nenos.

11. O diálogo con Deus: a oración do cristián. O home con Deus para escoitalo, pedirlle axuda e darlle grazas.

12. Deus quere que nos amemos como El nos ama. As actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos demais, segundo o plan de Deus.

13. A manifestación do amor cristián en xestos concretos: saudar, axudar, compartir as cousas, perdoar e ser perdoados e axudarlles aos compañeiros.

14. A familia, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá. Somos os fillos de Deus e parte da súa familia, a Igrexa. Expresións de agradecemento e alegría por pertencer a unha familia.

15. O comportamento cos amigos, os compañeiros da escola e as persoas do contorno.

16. Valor do domingo como festa do Señor resucitado. Principais festas cristiás. O canto como expresión relixiosa de loanza, alegría e gratitude.

17. Vocabulario, imaxes e edificios relixiosos próximos ao neno.

Criterios de avaliación:

Os criterios na educación infantil pretenden ser para o profesor de relixión algúns indicadores na avaliación continua e observación dos nenos para poder reconducir a súa propia aprendizaxe. Coñecer o neno e axudarlle no seu crecemento é o criterio esencial. Calquera avaliación que se pretenda nesta etapa deberase realizar globalmente coas mutuas observacións e informacións dos restantes ámbitos de experiencia.

1. Saber observar os referentes relixiosos do seu contorno.
2. Saber o significado das palabras con sentido relixioso máis usuais no seu propio vocabulario.
3. Respetar os signos e símbolos relixiosos do seu contorno.
4. Familiarizarse cunha primeira síntese de fe.
5. Adquirir o gusto polo bo obrar.
6. Apreciar os valores cristiáns que facilitan a convivencia.

ANEXO II

Educación primaria

Introdución

A Lei orgánica da educación 2/2006, do 3 de maio, ten en conta na disposición adicional segunda o dereito dos pais á formación relixiosa e moral dos seus fillos, segundo as súas conviccións, establecendo que o ensino da relixión se incluírá como área ou materia nos niveis educativos que corresponda. Os decretos de ensinanza mínimas desenvolven a devandita disposición adicional 2.^a en canto á súa presenza curricular e condicións académicas; así mesmo, correspóndelle á xerarquía eclesiástica determinar o currículo propio do ensino relixioso católico.

Neste marco, o ensino da relixión e moral católica preséntase como opción libre para os alumnos e obrigatoria para os centros.

O ensino relixioso contribúe á calidade da educación que preconiza a LOE desde a proposta e desenvolvemento duns coñecementos, valores e actitudes que conforman o seu propio currículo. Faino desenvolvendo especialmente a capacidade transcendente do alumno, facilitándolle unha proposta de sentido último para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

Non podería existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolvesen todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se atopa constitutivamente a capacidade transcendente. Esta capacidade básica do individuo adquire o seu auténtico cumprimento na busca do sentido último da vida, enraizada no máis profundo do ser, o alumno vai descubríndoa -tendo en conta os niveis de aprendizaxe propios de cada idade- nos símbolos e signos do seu contorno, no progreso e humanización do propio ser humano, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación e, particularmente, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá.

A formación relixiosa e moral católica conta cunha longa tradición no sistema educativo español e, respondendo a razóns profundas da institución escolar e a dereitos humanos recoñecidos pola Constitución española, está garantida actualmente polo Acordo suscrito entre o

Estado español e a Santa Sé sobre ensino e asuntos culturais, asinado o 3 de xaneiro de 1979, no cal se establecen os principios que fan posible as garantías constitucionais.

O currículo do ensino da relixión católica é unha síntese básica e global da mensaxe cristiá, axeitada á idade do alumno, ás exixencias epistemolóxicas da materia, ás expresións culturais do contorno e ás demandas didácticas do sistema educativo. Xunto coas outras opcións da área de relixión, enmárcase nun contexto histórico e social, inclúe parte do grande acervo cultural e artístico que emana da fe católica e doutras confesións e posibilita a análise comparada dos contidos e liñas básicas das grandes relixións viventes. Con todo, o ensino relixioso católico desenvólvese especialmente en catro grandes dimensións:

A dimensión cultural e histórica está presente no ensino relixioso, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico-axiolóxico que gran parte das sociedades reciben do pasado está vertebrado por contidos relixiosos. Neste sentido, a relixión católica deu os seus froitos na arte, nos sistemas de significación moral, na creación popular e na acción social. Por iso, o currículo da opción confesional católica ensina a incidencia que o Cristianismo -nos seus contidos doutrinais e as súas formas históricas- tivo e ten na cultura española e europea.

A dimensión humanizadora da opción católica constitúe unha achega eficaz na maduración da personalidade integral do alumno, enraizando os mesmos obxectivos do sistema educativo nun núcleo referencial de ideas, valores e crenzas que lle permiten ao alumno dar resposta aos seus interrogantes máis radicais, facendo posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores. A formación relixiosa católica achega, deste xeito, unha cosmovisión que fai posible a apertura cara ao fundamento e o sentido último da vida e, polo tanto, cara ao sentido da ciencia, da cultura e da identidade mesma da persoa humana. Trátase de afrontar as grandes preguntas que o alumno se formula e axudarlle a atopar as respostas que poderá asumir como opción libre e persoal. É finalidade da escola que os alumnos logren o seu desenvolvemento persoal, o que non é posible sen unha conveniente fundamentación e orientación cara a un significado último e global da existencia.

A dimensión ético-moral explicita as exixencias morais que supón a mensaxe cristiá. Na relixión católica ofrécese un determinado xeito de ver a vida, en cuxa base se atopa un concepto de home, un núcleo referencial de ideas e crenzas e a proposta dunha escala de principios e valores. O ensino relixioso católico expón, fundamenta e xerarquiza os valores e virtudes capaces de educar a dimensión moral e social da personalidade do alumno para facer posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade. Todo iso, como expresión coherente do coñecemento de Deus revelado en Xesucristo.

A opción relixiosa católica preséntase no ámbito escolar, na súa estrutura epistemolóxica ou disciplinar, co carácter científico con que, na cultura universitaria, se abordan as ciencias da relixión e a teoloxía. Os seus contidos son saberes cunha fundamentación e unha metodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición nos Estados do noso contorno cultural. O seu estatuto epistemolóxico orixinal entra no ámbito educativo en confrontación e diálogo con aquel outros tipos de saberes e racionalidade que operan na escola.

Contribución da área de relixión e moral católica á adquisición das competencias básicas

O ensino da relixión católica na escola atense á finalidade propia desta, que é a formación plena do alumno mediante os sistemas propios de aprendizaxe que se con-

cretan no currículo e o seu desenvolvemento. Contribúe á calidade da educación desde a proposta e desenvolvemento duns coñecementos, valores e actitudes que conforman o seu propio currículo. Faino desenvolvendo especialmente a capacidade transcendente do alumno, facilitándolle unha proposta do sentido último para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns e propios deste ensino que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

As propostas do ensino relixioso católico constitúen en si mesmas unha cosmovisión do mundo, da vida e do ser que fan posible a formación integral. Todo iso realízase mediante a presentación sistemática, orgánica e científica da mensaxe, vida e persoa de Xesucristo, presente na súa Igrexa, avalada pola tradición e o maxisterio da Igrexa, transmitida a través da acción educativa do profesor coa súa preparación científico-técnica e o seu testemuño cristián.

Pola súa vez, as achegas deste ensino fan posible, como oferta libre, un xeito de ser e de vivir no mundo, de tal maneira que os principios, valores e actitudes que xeran os elementos básicos do Cristianismo axúdanlle ao alumno a se situar lucidamente ante a tradición cultural e, polo tanto, a se inserir criticamente na sociedade.

Con todo, as competencias básicas, como son as interpersoais, interculturais, sociais e cívicas e a comunicación lingüística teñen nesta área elementos básicos para a súa adquisición ao longo do ensino obrigatorio.

No que se refire á educación primaria -etapa en que o neno comeza a ter conciencia reflexa das súas propias accións percibíndose cada vez máis como individuo-, o alumno enfróntase por primeira vez á urxente necesidade de realizar o descubrimento da súa propia identidade. Este proceso está moi condicionado polos modelos culturais que os adultos encarnan, modelos que inflúen na vida cotiá dos nenos, nos seus xogos e nas súas accións creativas.

Precisamente unha das funcións do ensino escolar católico nesta etapa é a presentación dos modelos cristiáns de identificación. Estes atópanse nas figuras bíblicas máis destacadas da historia da salvación, nas accións e vivencias da comunidade cristiá e, sobre todo, na persoa, vida e palabra de Xesucristo.

A súa inseguranza, propia dunha idade temperá, está a demandar modelos de vida auténticos no proceso de maduración da súa personalidade. O ensino relixioso católico vai insistir na proposta explícita da persoa de Xesucristo, os principios que del dimanan, os valores que xera e as actitudes que xermolan co fin de que os alumnos reflexionen seriamente acerca da conduta persoal e social.

Iso exige unha información sólida sobre o feito relixioso e, en concreto, en canto a esta materia compete, unha exhaustiva presentación do feito relixioso conformado na relixión católica.

A formación relixiosa desenvólvese na escola nun diálogo auténtico coa realidade cultural, informando sobre a relación e influxo mutuo entre a cultura occidental e o feito relixioso cristián, xulgando e criticando esa cultura -compuesta por ideas, principios, valores, modos de vida- á luz do Evanxeo, que na súa perenne actualidade ilumina o máis profundo do ser humano e proxecta unha libre e crítica postura ante a cultura emerxente.

Aínda que o ensino relixioso está presente e axuda á conformación das competencias fixadas nos reais decretos de ensinanzas mínimas, tendo en conta que as competencias básicas son aquelas que sustentan a realización persoal, a inclusión social e a cidadanía activa, algunhas delas teñen unha especial relación coa acción educativa da relixión católica, e mesmo se podería afirmar que outras, se se prescinde da realidade relixiosa, carecerían de elementos importantes para a súa adquisición e desenvolvemento. Entre outras, propoñemos as seguintes:

1. Competencia en comunicación lingüística. O ensino relixioso católico achega elementos básicos en canto ao logro da competencia en comunicación lingüística, pois sèrvese da linguaxe académica, daquelas linguaxes que conforman a cultura que se transmite na área de relixión, así como das linguaxes do propio ensino relixioso.

O diálogo da fe coa cultura contribúe á competencia en comunicación lingüística, na medida en que exige exercitarse na escoita da palabra de Deus, a exposición dos seus contidos e aplicación á cultura e ás distintas formas de vida social, así como á argumentación axeitada a esta idade e sempre presente no ensino relixioso.

Por outra banda, é propia do ensino relixioso católico a utilización dos diversos modos de comunicación que a acción de Deus sobre o home utilizou. A súa revelación é rica en distintas linguaxes. Así, a linguaxe bíblica e a súa riqueza de expresión e simboloxía, a linguaxe doutrinal e a súa precisión conceptual, analítica e argumental, a linguaxe litúrxica e a súa proximidade á linguaxe dos símbolos do pobo cristián, a linguaxe, en fin, testemuñal que fai posible a transmisión vital do crido.

Todo iso é imprescindible para a comprensión da linguaxe en todas as linguas da cultura occidental. O ensino relixioso fai posible unha verdadeira comunicación lingüística, ao utilizar as distintas linguaxes na súa expresión verbal ou escrita, explícitas e implícitas en fontes diversas. Finalmente, a análise de feitos sociais que se presentan na clase de relixión, como elementos motivadores da realidade evanxélica, posibilitan o enriquecemento do vocabulario.

2. Competencia social e cívica. Con relación á competencia social e cívica onde se integran elementos esenciais para a humanización, persoais, interpersoais e interculturais e se recollen todas as formas de comportamento que preparan as persoas para participar dun xeito eficaz e construtivo na vida social e profesional. O ensino relixioso católico expón, fundamenta e xerarquiza os valores e virtudes que contribúen a educar a dimensión moral e social da personalidade do alumno para facer posible a maduración na corresponsabilidade, o exercicio da solidariedade, da cooperación, da liberdade, da xustiza e da caridade. Todo iso como expresión coherente do coñecemento de Deus revelado en Xesucristo.

Trátase do ser persoal en coherencia coas conviccións propias libremente asumidas, é dicir, aprender a ser motivando e recreando o verdadeiramente humano na formación plena do alumno. Neste sentido, o desenvolvemento do ser enteiro do home, das capacidades da súa mente e do seu corazón, das potencialidades que o configuran e que desbordan as expectativas puramente materiais e funcionais, fundamentan e dan sentido á acción social e cívica do alumno. O ensino relixioso neste labor incide substancialmente no descubrimento e desenvolvemento da verdadeira humanización, capaz de facelo competente na acción social.

Con iso estamos a fundamentar un dos valores básicos, a súa dignidade como ser humano, como fillo de Deus. O alumno necesita, xa nestas idades, especialmente motivacións para amar, para construír a personalidade máis humana, para se ilusionar en proxectos de vida altruísta e desinteresada. O testemuño de homes e mulleres santos en toda a historia constitúe un referente continuo para a autoasimilación dos valores máis xenuinamente cristiáns. Desta forma, o ensino relixioso educa na iniciativa persoal e autónoma dos alumnos polo ben e a verdade.

En consecuencia, contribúese directamente á dimensión moral da persoa favorecendo que os alumnos e alumnas recoñezan a raíz do seu propio ser e os seus propios comportamentos. Iso supón mellorar as relacións interpersoais baseadas en principios e valores que emanan da persoa de Cristo e axuda, en consecuencia, a

afrontar as situacións de conflito mediante o diálogo, o perdón e a misericordia, valores xenuinamente cristiáns.

No máis profundo do ser cristián xorde o gran valor da fraternidade universal. De aí que as mínimas exixencias éticas de convivencia, participación, coñecemento da diversidade e das situacións de discriminación e inxustiza estean fundamentadas e sexan consecuencias da fe cristiá. Os valores do respecto, cooperación, solidariedade, xustiza, non-violencia, compromiso e participación teñen a súa fundamentación e referencias cristiás na filiación polo amor de Deus, o amor, a fraternidade, a xustiza, a misericordia, o perdón, a doazón de si mesmo e a entrega total a favor dos pobres.

3. Competencia cultural e artística. A contribución á competencia cultural e artística relaciónase cos seus aspectos de coñecemento e valoración de toda a expresión artística, plástica, histórica, simbólica, lingüística, de costumes, ritos, festas, valores e modos de vida impregnados de cristianismo desde a súa orixe e o seu desenvolvemento actual, como manifestación do feito relixioso. O alumno non só vai coñecer, senón que poderá comprender e asumir os valores que supón o coñecemento do feito relixioso na súa expresión artística, cultural e estética, teolóxica e vivencial.

A cultura e a historia europea occidental e a propia historia e cultura española non poden ser comprendidas e asumidas se se prescindir do feito relixioso presente sempre na historia cultural dos pobos. É coñecido por todos que a maduración da personalidade humana se realiza dentro da tradición cultural onde medra e se sustenta. Esta maduración realízase nun mundo cada vez máis complexo e de maior contraste cultural e de presenza, respecto e diálogo de culturas.

A relixión e moral católica presenta o acontecemento cristián en diálogo coa cultura, incorporando organicamente o saber da fe no conxunto dos demais saberes. Con iso o alumno adquire unha valoración crítica da cultura á luz do Evanxeo, motivando, ao mesmo tempo, o aprecio da propia cultura e a estima axeitada doutras tradicións culturais e relixiosas. No currículo da relixión católica están presentes tamén os elementos esenciais que definen as demais grandes relixións.

O ensino relixioso católico non só achega á competencia cultural e artística uns coñecementos da arte e cultura con referencia relixiosa e unhas destrezas, senón tamén o sentido e profundidade da súa presenza que remite a un xeito concreto de ver a vida, de expresala e de vivir desde a achega cristiá á cultura. Con iso contribúe tamén á conservación e valoración do patrimonio cultural.

4. Competencia de aprender a aprender. A relixión católica contribúe igualmente ao desenvolvemento da competencia de aprender a aprender, fomentando as capacidades a través da educación, o impulso do traballo en equipo, a síntese da información e opinión.

Así mesmo, o ensino relixioso axúdalle aos alumnos a seren protagonistas da súa propia aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore activa e libremente co plan por El establecido. Por iso, aprender a aprender supón non só unha proposta consensuada de sentimentos, valores e actitudes, senón un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións, que debe ser crisol na busca da verdade e do ben.

5. Competencia de autonomía e iniciativa persoal. En canto á autonomía e iniciativa persoal, o ensino relixioso católico impártese no campo específico da escola, cuxo obxectivo irrenunciable, formar a persoa desde dentro, liberala de todo o que lle impide vivir libremente, supón a súa efectiva referencia a unha determinada visión do home e ao seu sentido último, para afirmalo, negalo ou prescindir del.

É finalidade fundamental do quefacer da escola que os alumnos descubran a súa identidade persoal, pero isto

non será posible sen unha apertura ao significado último e global da súa existencia humana. A autonomía e iniciativa persoal non se poderá realizar no alumno se non comeza xa a se adestrar no coñecemento de si mesmo, no seu ser máis profundo, nas súas potencialidades, na súa dignidade e no seu sentido. A formación relixiosa católica achega, deste xeito, unha cosmovisión que fai posible a apertura cara ao fundamento e o sentido último da vida e, polo tanto, cara ao sentido da ciencia, da cultura e da identidade mesma da persoa humana.

O ensino relixioso católico non se reduce a un ensino de valores, diríxese á persoa concreta nas súas raíces, nas súas posibilidades humanas de acción e de servizo e, sobre todo, diríxese ao ser humano na súa finalidade transcendente. Todo iso supón o ofrecemento do Evanxeo de salvación de Xesucristo, para que, unha vez coñecido, xurda a humanidade nova feita de homes novos conforme o designio de Deus. Por iso o ensino debe propoñer a Xesucristo como camiño que nos conduce á verdade e á vida e débese facer desde a convicción profunda que procede da Igrexa que confesa, celebra e vive a fe en Xesucristo e, en consecuencia, mediante a forma propia e máis coherente de transmitir esa fe da Igrexa: o testemuño.

Na contribución ao desenvolvemento persoal do alumno, a relixión é xeradora de valores e de integración social. A relixión colabora nesta competencia entregándolle ao alumno as virtualidades necesarias para crear as disposicións e actitudes que favorecen a inserción social. A autonomía do individuo cristián vén precisamente favorecida pola apertura a unha visión totalizante do mundo e da realidade, unha cosmovisión que fai posible a formación integral do alumno fronte a visións parciais e determinantes da liberdade propia.

Desde os procedementos da área favorécese esta competencia básica desenvolvendo iniciativas e aténdese especialmente a que os alumnos e alumnas constrúan un xuízo moral baseado nos principios, valores e actitudes que xera o mesmo Evanxeo.

6. Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico. A relixión católica contribúe ao desenvolvemento da competencia no coñecemento e interacción no mundo físico a través da doutrina social da Igrexa, iluminando as respostas e as solucións aos problemas que xorden na interacción do ser humano co medio físico e consigo mesmo. Tamén contribúe á valoración ética do uso da ciencia e da tecnoloxía.

Tamén apoia e dá sentido ás habilidades e destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren desde esta competencia. O cristián entende a natureza como creación de Deus, polo que a valora, a coida e a fomenta.

Todas as contribucións ás distintas competencias poden ser agrupadas e definidas en canto á achega relixiosa como un desenvolvemento da capacidade transcendente da persoa, é dicir, a súa achega espiritual e relixiosa. Iso capacítalo para lle dar sentido á súa vida. Con este obxecto, conforman a capacidade transcendente:

A apertura da razón á busca da verdade na superación de todo itinerario racional reduutivo, a capacidade de nos deixar confrontar e interpelar pola chamada á liberdade e á felicidade verdadeira, o empeño no diálogo da fe e a razón, da fe e a cultura, a atención á capacidade innata para dinamizar a intelixencia e chamar a razón humana para a busca de «algo máis», da identidade propia do ser humano, a capacidade de ser e estar xunto aos outros desde a fraternidade, o amor e a misericordia, a ansia de infinito, o anhelo de Deus e a plenificación do ser na vida eterna... son, entre outros, obxectivos e elementos fundamentais no desenvolvemento das competencias antes descritas.

Conforme as competencias establecidas no citado acordo internacional e recoñecidas na disposición adicional segunda da Lei orgánica de educación, 2/2006, do 3 de

maio, correspóndelle á Conferencia Episcopal Española fixar o currículo da área de relixión e moral católica.

Obxectivos:

Ao finalizar a educación primaria preténdese que o/a alumno/a sexa quen de:

1. Coñecer os aspectos básicos das relixións xa desaparecidas relacionándoas co Cristianismo.
2. Recoñecer os fundadores e algúns elementos distintivos das grandes relixións vixentes, na súa resposta ás preguntas básicas sobre o sentido da vida e o compromiso dos crentes.
3. Coñecer a Biblia, a súa estrutura e sentido, identificando algúns textos básicos como palabra de Deus.
4. Descubrir a acción de Deus na natureza e na persoa, como fundamento e fonte dos valores básicos do ser humano.
5. Identificar algúns personaxes fundamentais da historia da salvación e a súa resposta de fe, descubriendo o valor central da persoa de Xesucristo e a resposta de fe da Virxe María.
6. Valorar a novidade do amor de Deus que nos salva do pecado e da morte, polo seu Fillo Xesucristo e a través da vida e acción salvífica da Igrexa, Corpo de Cristo.
7. Identificar o significado dalgúns acontecementos, formulacións, expresións e textos básicos da mensaxe cristiá, que faciliten a comprensión da vida do Espírito Santo no mundo e na Igrexa.
8. Identificar a Igrexa nas súas manifestacións, coñecer a presenza de Deus e a súa graza nos sacramentos, e o servizo eclesial prestado polos apóstolos e os seus sucesores.
9. Comprender e distinguir o sentido sagrado, festivo, cultural e celebrativo das festas e os seus ritos nas relixións monoteístas, relacionándoas cos aspectos culturais e celebrativos da liturxia.
10. Analizar a xerarquía de valores, actitudes e normas que conforman o ser cristián, e aplicarlos ás distintas situacións da vida.
11. Valorar que a fe cristiá implica asumir responsabilidades, coñecer e comprender a raíz e o sentido da acción e do compromiso cristián, e manter unha actitude de tolerancia e respecto ante os sistemas éticos das distintas relixións.
12. Coñecer, valorar e respectar o patrimonio relixioso, artístico e cultural, que se manifesta a través da linguaxe simbólica e icónica da arquitectura, pintura, literatura, música e liturxia como expresión da fe católica e doutras relixións.
13. Descubrir que o destino eterno do home empeza aquí como don que xorde da vitoria de Cristo sobre a morte.

Primeiro ciclo

Contidos:

1. A creación do ser humano e do mundo, obra admirable de Deus e tarefa para o home.
2. Estrutura e sentido da Biblia, palabra de Deus.
3. Manifestación de Deus Pai, creador e misericordioso, na Biblia.
4. A resposta do home a Deus. O valor da oración como relación con Deus. Significado do templo e as imaxes.
5. Deus quere a felicidade do ser humano. O seu amor e providencia.
6. Deus mostra o seu amor. A intervención salvadora de Deus na historia do pobo de Israel, asumida pola tradición cristiá.
7. O amor de Deus é fonte de verdade e bondade para os que creen.

8. Os mandamentos, expresión da lei natural e do amor de Deus. Regra de conduta humana e cristiá.

9. Deus envía o seu Fillo Xesucristo para a salvación dos pecados dos fillos. Xesucristo camiño, verdade e vida.

10. Principais ensinanzas da vida de Xesús narradas nos evanxeos. As parábolas.

11. Deus manifesta o seu amor coa morte do seu Fillo. Última Cea, Paixón, Morte e Resurrección. Deus queda connosco: o Espírito Santo.

12. Formamos a gran familia dos fillos de Deus, a Igrexa, que se reúne para celebrar o amor de Deus.

13. As festas e celebracións do ano litúrxico. O sentido da festa cristiá: Deus connosco. Significado das festas marianas máis importantes.

14. Significado e sentido dalgúns símbolos relixiosos nas celebracións: a auga, o lume, a luz, o aceite, os xestos, a música.

15. Os ritos como expresión da relación con Deus. O culto cristián.

16. O cristián espera a gran festa do ceo.

Criterios de avaliación:

1. Describir e respectar as distintas prácticas relixiosas e o seu sentido: a oración, o culto e o compromiso.
2. Saber localizar unha cita bíblica.
3. Recoñecer nalgúns textos bíblicos sobre a creación a bondade e paternidade de Deus.
4. Apreciar o amor de Deus ao home desde a natureza e a súa presenza xunto a nós.
5. Distinguir algúns personaxes bíblicos significativos e a súa resposta de fe, con especial atención á figura da Virxe María e á persoa de Xesús como digno de imitación.
6. Sacar conclusións dalgunhas parábolas básicas no ensino de Xesucristo.
7. Sinalar a relación do crente con Deus nalgúns textos bíblicos.
8. Comprender que Cristo nos mostra o seu amor presentándose como camiño para chegar a Deus, morrendo por nós, perdoándonos e enviándonos o seu espírito.
9. Recoñecer que a Igrexa é a familia dos fillos de Deus.
10. Identificar o significado dos símbolos cristiáns e do templo e recoñecer a raíz celebrativa da festa cristiá.
11. Comprender e respectar que o domingo é o Día do Señor.
12. Saber situar algúns símbolos relixiosos na festas do seu contorno.
13. Saber aplicar os mandamentos da lei de Deus á vida cotiá.
14. Relacionar o final feliz das parábolas das vodas e a gran festa do ceo.

Segundo ciclo

Contidos:

1. Deus é creador. O mundo e a vida como don de Deus na Biblia. Algún relato sobre a orixe do mundo na antigüidade.
2. A acción salvadora de Deus a través dos patriarcas e Moisés no pobo xudeu. Sentido salvífico e compromiso co home no Xudaísmo, Cristianismo e Islam.
3. A promesa de salvación que Deus fai ao home cúmprese na persoa de Xesucristo, verdadeiro Deus e verdadeiro home.
4. Significado da vida de Xesús en canto entrega persoal e compromiso con todos os homes.
5. O pecado do home como ruptura con Deus, cos demais e consigo mesmo.

6. O perdón de Deus e a súa misericordia. Os milagres de Xesús.

7. A vitoria sobre o pecado e a morte. Xesucristo, o Mesías, o Salvador, resucitou e vive para sempre.

8. A fe e o seguimento, resposta a Xesucristo. O mandamento do amor.

9. O nacemento da Igrexa. O Espírito Santo é quen dá vida. Manifestacións dos vínculos internos que unen os membros da Igrexa.

10. A Igrexa, o Corpo de Cristo.

11. A salvación de Deus a través dos sacramentos da Igrexa. Os sacramentos da iniciación e reconciliación.

12. A eucaristía orixe e meta da vida cristiá.

13. A Virxe María, Nai da Igrexa. Sentido das advocacións.

14. Comparación entre as principais expresións artísticas das relixións monoteístas. Identificación da fe do autor e da comunidade.

15. A vida que Deus dá dura para sempre.

Criterios de avaliación:

1. Distinguir os fundadores das relixións monoteístas, comparándoos entre si nos aspectos concernentes á súa relación con Deus, o seu compromiso co home e a súa acción salvífica.

2. Verificar a acción salvadora de Deus a través dos personaxes bíblicos, e a súa plenitude en Xesucristo.

3. Recoñecer o amor de Deus ao crearnos á súa imaxe e adoptarnos como fillos.

4. Identificar algúns feitos e palabras de Xesús que mostran o amor de Deus ao home.

5. Situar as accións salvíficas de Xesús nas referencias bíblicas sobre os seus milagres, a súa morte e resurrección.

6. Comprender que o pecado rompe a relación con Deus, que Xesucristo a restablece coa súa morte e resurrección e que o amor de Deus dura para sempre.

7. Explicar que a fe e as obras son respostas ao amor de Deus, manifestado en Xesucristo.

8. Distinguir e relacionar os sacramentos da iniciación, a reconciliación e a eucaristía.

9. Explicar a nova vida que xorde polo bautismo e se alimenta na eucaristía.

10. Saber describir a Igrexa como Corpo de Cristo.

11. Razoar que quen une os membros da Igrexa é o Espírito Santo.

12. Recoñecer nas distintas advocacións de María á Nai de Deus e Nai nosa.

13. Aplicar a algunhas obras artísticas e xestos litúrxicos os contidos básicos da fe cristiá e doutras relixións.

14. Explicar o significado dalgúns textos evanxélicos que fagan referencia á vida eterna.

Terceiro ciclo

Contidos:

1. A estrutura da relixión. O concepto de Deus e de home. Orixe e destino do home. As mediacións.

2. Manifestacións da estrutura do fenómeno relixioso na antigüidade (Mesopotamia, Exipto, Grecia e Roma).

3. As respostas ás grandes preguntas do ser humano no Xudaísmo, o Cristianismo e o Islam. O sentido e alcance da fe e as boas obras.

4. O ser humano, o sentido da súa vida e a súa salvación no Hinduísmo e no Budismo.

5. A dignidade de ser humano creado por Deus Pai. Os dereitos humanos.

6. Relatos do Novo Testamento en que as testemuñas acreditan que Xesucristo é Fillo de Deus e verdadeiro home.

7. Xesucristo, salvador e redentor do pecado e da morte.

8. Xesucristo, plenitude do home.

9. A presenza da Virxe María no Evanxeo e nos Feitos dos Apóstolos.

10. O home novo e a lei do espírito. O amor de Deus e o amor polos demais.

11. O ser humano responsable dos seus actos. O valor da conciencia, a verdade, a liberdade e a vontade.

12. Os sacramentos para o crecemento e propagación do pobo de Deus: orde sacerdotal e matrimonio.

13. Xesús chama e envía os seus discípulos por todo o mundo para continuar a súa obra de salvación. A vinda e presenza do Espírito Santo. A expansión da Igrexa.

14. A Igrexa, novo pobo de Deus. Manifestacións da estrutura xerárquica da Igrexa. O Papa, os bispos, os sacerdotes, a vida consagrada. A Igrexa universal e a Igrexa diocesana.

15. A Igrexa no mundo actual. Significado e sentido das notas da Igrexa. Mapa das grandes relixións no mundo de hoxe.

16. Respecto ás conviccións relixiosas como condición mínima para a convivencia.

17. Compromiso e solidariedade co mundo de hoxe: manifestacións na Igrexa e noutras relixións.

18. As festas do pobo de Deus. O seu valor comunitario e rememorativo. O encontro con Deus a través das festas.

19. Manifestacións da presenza de Deus na cultura cristiá. Valoración das expresións artísticas das relixións presentes no contorno.

20. Deus prepara unha terra nova onde habitará a xustiza. A unción dos enfermos. Os derradeiros momentos do ser humano.

Criterios de avaliación:

1. Saber identificar algúns signos e símbolos representativos do fenómeno relixioso na antigüidade.

2. Relacionar as grandes relixións vixentes, descubriendo as súas principais semellanzas e diferenzas.

3. Distinguir o sentido último da vida segundo as relixións monoteístas.

4. Saber diferenciar as concepcións sobre a salvación do home no Hinduísmo e no Budismo.

5. Comentar algúns textos do Novo Testamento onde se manifesta a humanidade e a divindade de Xesucristo.

6. Describir que consecuencias ten no ser humano o feito de ser creado e amado por Deus como fillo.

7. Sintetizar os puntos esenciais sobre a salvación do home realizada por Xesucristo, e razoar como Deus se nos dá a través dos sacramentos.

8. Sinalar en textos evanxélicos a orixe da Igrexa e a súa finalidade de salvación.

9. Describir a misión dos membros da Igrexa como continuidade da misión de Xesucristo.

10. Especificar o servizo eclesial que os apóstolos e os seus sucesores prestan ao pobo de Deus, e distinguir o significado das palabras apóstolo, xerarquía e colexio episcopal.

11. Situar e valorar a presenza da Virxe María nos momentos culminantes da vida de Cristo, recoñecendo que ocupa un lugar especial na salvación.

12. Razoar o valor da liberdade e a responsabilidade dos propios actos á luz do Evanxeo, e saber aplicar o mandamento do amor ás situacións cotiás.

13. Identificar algunhas institucións da Igrexa dedicadas á axuda aos necesitados.

14. Sinalar e respectar os valores das distintas relixións e a súa contribución á cultura.

15. Interpretar o significado transcendente da arte relixiosa e distinguir as festas civís das festas cristiás.

16. Resumir a fe da Igrexa acerca da vida eterna.

ANEXO III

Educación secundaria obrigatoria

Introdución

A Lei orgánica da educación, 2/2006, do 3 de maio, ten en conta na disposición adicional segunda o dereito dos pais á formación relixiosa e moral dos seus fillos, segundo as súas conviccións, establecendo que o ensino da relixión se incluírá como área ou materia nos niveis educativos que corresponda. Os decretos de ensinanzas mínimas desenvolven a devandita disposición adicional 2.^a en canto á súa presenza curricular e condicións académicas aplicando a exclusiva competencia da xerarquía eclesiástica para determinar o currículo propio do ensino relixioso católico no noso caso.

Neste marco, o ensino da relixión e moral católica preséntase como opción libre para os alumnos e obrigatoria para os centros.

O ensino relixioso contribúe á calidade da educación desde a proposta e desenvolvemento duns coñecementos, valores e actitudes que conforman o seu propio currículo. Faino desenvolvendo especialmente a capacidade transcendente do alumno, facilitándolle unha proposta de sentido último para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

Non podería existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolvesen todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se atopa constitutivamente a capacidade transcendente. Esta capacidade básica do individuo adquire o seu auténtico cumprimento na busca do sentido último da vida, enraizada no máis profundo do ser, o alumno vai descubrindo -tendo en conta os niveis de aprendizaxe propios de cada idade- nos símbolos e signos do seu contorno, no progreso e humanización do propio ser humano, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación e, particularmente, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá.

A formación relixiosa e moral católica conta cunha longa tradición no sistema educativo español e, respondendo a razóns profundas da institución escolar e a dereitos humanos recoñecidos pola Constitución española, está garantida actualmente polo Acordo suscrito entre o Estado español e a Santa Sé sobre Ensino e Asuntos Culturais, asinado o 3 de xaneiro de 1979, no cal se establecen os principios que fan posible as garantías constitucionais.

O currículo do ensino da relixión católica é unha síntese básica e global da mensaxe cristiá, axeitada á idade do alumno, ás exixencias epistemolóxicas da materia, ás expresións culturais do contorno e ás demandas didácticas do sistema educativo. Xunto coas outras opcións da área de relixión, enmárcase nun contexto histórico e social, inclúe parte do grande acervo cultural e artístico que emana da fe católica e doutras confesións e posibilita a análise comparada dos contidos e liñas básicas das grandes relixións viventes. Con todo, o ensino relixioso católico desenvólvese especialmente en catro grandes dimensións:

A dimensión cultural e histórica está presente no ensino relixioso, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico-axiolóxico que gran parte das sociedades reciben do pasado está vertebrado por contidos relixiosos. Neste sentido, a relixión católica deu os seus froitos na arte, nos sistemas de significación moral, na creación popular e na acción social. Por iso, o currículo da opción confesional católica ensina a incidencia que o Cristianismo -nos seus contidos doutrinais e as súas formas históricas- tivo e ten na cultura española e europea.

A dimensión humanizadora da opción católica constitúe unha achega eficaz na maduración da personalidade integral do alumno, enraizando os mesmos obxectivos do sistema educativo nun núcleo referencial de ideas, valores e crenzas que lle permiten o alumno dar resposta aos seus interrogantes máis radicais, facendo posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores. A formación relixiosa católica achega, deste xeito, unha cosmovisión que fai posible a apertura cara ao fundamento e o sentido último da vida e, polo tanto, cara ao sentido da ciencia, da cultura e da identidade mesma da persoa humana. Trátase de afrontar as grandes preguntas que o alumno se formula e axudarlle a atopar as respostas que poderá asumir como opción libre e persoal. É finalidade da escola que os alumnos logren o seu desenvolvemento persoal, o que non é posible sen unha conveniente fundamentación e orientación cara a un significado último e global da existencia.

A dimensión ético-moral explicita as exixencias morais que supón a mensaxe cristiá. Na relixión católica ofrécese un determinado xeito de ver a vida, en cuxa base se atopa un concepto de home, un núcleo referencial de ideas e crenzas, e a proposta dunha escala de principios e valores. O ensino relixioso católico expón, fundamenta e xerarquiza os valores e virtudes capaces de educar a dimensión moral e social da personalidade do alumno para facer posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade. Todo iso como expresión coherente do coñecemento de Deus revelado en Xesucristo.

A opción relixiosa católica preséntase no ámbito escolar, na súa estrutura epistemolóxica ou disciplinar, co carácter científico con que, na cultura universitaria, se abordan as ciencias da relixión e a teoloxía. Os seus contidos son saberes cunha fundamentación e unha metodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición nos Estados do noso contorno cultural. O seu estatuto epistemolóxico orixinal entra no ámbito educativo en confrontación e diálogo con aqueloutros tipos de saberes e racionalidade que operan na escola.

Contribución da área de relixión e moral católica á adquisición das competencias básicas

O ensino da relixión católica na escola atense á finalidade propia desta, que é a formación plena do alumnado mediante os sistemas propios de aprendizaxe que se concretan no currículo e o seu desenvolvemento.

O ensino relixioso contribúe á calidade da educación que preconiza a LOE desde a proposta e desenvolvemento duns coñecementos, valores e actitudes que conforman o seu propio currículo. Faino desenvolvendo especialmente a dimensión e capacidade transcendente do alumnado, facilitándolle unha proposta de sentido último para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns e propios deste ensino que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

As propostas do ensino relixioso católico constitúen en si mesmas unha cosmovisión do mundo, da vida e do ser humano que fan posible a formación integral. Todo iso realízase mediante a presentación sistemática, orgánica e científica da mensaxe, vida e persoa de Xesucristo, presente na súa Igrexa, avalada pola escritura, pola tradición e o maxisterio da Igrexa, transmitida a través da acción educativa do profesor coa súa preparación científico-técnica e o seu testemuño cristián.

As achegas deste ensino conforman un xeito de ser e de vivir no mundo, de tal maneira que os principios, valores e actitudes que xera axudan o alumnado a se situar lucidamente ante a tradición cultural, a coñecer e ofrecer os elementos básicos do Cristianismo xeradores de cultura e, polo tanto, a se inserir cooperativa e criticamente na sociedade.

As súas propostas son cualitativamente transcendentales e vivas, realizadas na persoa do mesmo Xesucristo, polo cal pode e, de feito, dá resposta ao sentido último da vida.

Con todo, as competencias básicas, como son as interpersoais, interculturais, sociais e cívicas e a comunicación lingüística adquiren nesta área elementos básicos para a súa adquisición ao longo do ensino obrigatorio. Toda persoa ten necesidade dunha base sólida sobre a que construír a existencia persoal e social. Os adolescentes e a mocidade formúlanse interrogantes profundos sobre o sentido da súa existencia que exixen unha resposta, á vez que transcendente, de carácter universal e estable. Hai que ter en conta que nestas idades se desenvolve a razón formal, e a súa capacidade de abstracción e xeneralización de conceptos. Son quen de analizar e sintetizar elementos distintos e plurais, inducir e aplicar símbolos e signos á súa propia vida e á realidade circundante. É precisamente nesta etapa en que certa inquietude vital xorde e comezan a se formular os porqués da existencia e especialmente a súa actitude persoal ante o relixioso con relación á súa propia vida persoal e social.

Os seus cuestionamentos vitais e a súa inseguranza están a demandar modelos de vida auténticos no proceso de maduración da súa personalidade. O ensino relixioso católico vai insistir na proposta explícita da persoa de Xesucristo, os principios que del dimanar, os valores que xera e as actitudes que xermolan co fin de que os alumnos e alumnas reflexionen seriamente acerca da conduta persoal e social.

Iso exixe unha información sólida sobre o feito relixioso e, en concreto, en canto a esta materia compete, unha exhaustiva presentación do feito relixioso conformado na relixión católica.

A formación relixiosa desenvólvese na escola nun diálogo auténtico coa realidade cultural, informando sobre a relación e influxo mutuo entre a cultura occidental e o feito relixioso cristián, entrando en diálogo fecundo e responsable con esa cultura -compuesta por ideas, principios, valores, modos de vida- á luz do Evanxeo, que na súa perenne actualidade ilumina o máis profundo do ser humano e proxecta unha libre e valorativa visión ante a realidade cultural.

Aínda que o ensino relixioso está presente e axuda á conformación das competencias fixadas nos reais decretos de ensinanzas mínimas, tendo en conta que as competencias básicas son «aquelas que sustentan a realización persoal, a inclusión social e a cidadanía activa», algunhas delas teñen unha especial relación coa acción educativa da relixión católica, e mesmo se podería afirmar que outras, se se prescindir da realidade relixiosa, carecerían de elementos importantes para a súa adquisición e desenvolvemento. Entre outras, propoñemos as seguintes:

1. Competencia en comunicación lingüística. O ensino relixioso católico na escola sérvese da linguaxe académica, daquelas linguaxes que conforman a cultura que se transmite na área de relixión, así como das linguaxes do propio ensino relixioso.

O diálogo da fe coa cultura contribúe á competencia en comunicación lingüística, na medida en que exixe exercitarse na escoita da palabra de Deus, a exposición dos seus contidos e a aplicación á cultura e ás distintas formas de vida social, así como á argumentación axeitada a esta idade e sempre presente no ensino relixioso.

Por outra banda, é propia do ensino relixioso católico a utilización das diversas linguaxes e modos de comunicación que Deus utilizou na súa revelación ao ser humano. A súa revelación é rica en distintas linguaxes. Así, a linguaxe bíblica e a súa riqueza de expresión e simboloxía; a linguaxe doutrinal e a súa precisión conceptual, analítica e argumental; a linguaxe litúrxica e a súa proximidade á

linguaxe dos símbolos do pobo cristián; a linguaxe, en fin, testemuñal que fai posible a transmisión vital do crido.

Así mesmo, o ensino relixioso católico no exercicio de aprendizaxe da mensaxe cristiá capacita e permítelle ao alumnado expresar pensamentos, conviccións, vivencias e opinións e afacerse ao discurso coherente e estruturado da fe cristiá.

Todo iso é imprescindible para a comprensión da linguaxe en todas as linguas da cultura occidental. O ensino relixioso fai posible unha verdadeira comunicación lingüística, ao utilizar as distintas linguaxes na súa expresión verbal ou escrita, explícitas e implícitas en fontes diversas. Finalmente, a análise de feitos sociais que se presentan na clase de relixión, como elementos motivadores da realidade evanxélica, posibilitan o enriquecemento do vocabulario.

2. Competencia social e cívica. Na competencia social e cívica intégranse os elementos esenciais para a humanización, elementos persoais, interpersoais e interculturais, e recóllense todas as formas de comportamento que preparan as persoas para participar dun xeito eficaz e construtivo na vida social e profesional.

Desde a mensaxe cristiá, o principal é o desenvolvemento de todo o humano, das súas potencialidades e capacidades que o configuran e o desbordan, do puramente funcional e material. Desde o desenvolvemento da persoa séntanse as bases para a cooperación e exercicio da cidadanía democrática, a comprensión da realidade social en que se vive, sendo conscientes dos valores do noso contorno e colaborando coa oferta de vida que nos fai Xesucristo, para construír un sistema de valores propio e para vivir en coherencia con El.

Nesta acción humanizadora, o ensino relixioso católico expón, fundamenta e xerarquiza os valores e virtudes capaces de educar a dimensión moral e social da personalidade do alumnado para facer posible a maduración da corresponsabilidade, o exercicio da solidariedade, da cooperación, da liberdade, da xustiza, da igualdade e da caridade; todo iso, como expresión coherente do coñecemento de Deus, revelado en Xesucristo e, ao mesmo tempo, como resposta ás grandes preguntas sobre o sentido da vida que xa nesta idade se formulan os alumnos/as.

Con iso estamos a apelar ao principio básico. A dignidade do ser humano, como fillo de Deus, ofrecendo o fundamento estable do respecto aos principios e valores universais, como resposta a unha profunda crise de humanidade e de orde moral. O alumnado necesita, pola súa vez, razóns para amar, razóns para vivir e razóns para esperar, baseadas na vida e mensaxe de amor de Xesucristo, orixe e meta da formación relixiosa que a Igrexa ofrece na escola.

Contribúese directamente á dimensión moral da persoa favorecendo que os alumnos e alumnas recoñezan a raíz do seu propio ser e os seus mesmos comportamentos, construíndo unha conciencia recta que se fundamenta nos valores do Evanxeo, favorecendo tamén as aprendizaxes desde un marco de referencia que se debe axustar á libre e voluntaria opción dos pais.

Iso supón mellorar as relacións interpersoais baseadas en principios e valores que emanar da persoa de Cristo e axuda en consecuencia a afrontar as situacións de conflito mediante o diálogo, o perdón e a misericordia, valores xenuinamente cristiáns.

No máis profundo do ser cristián xorde o gran valor da fraternidade universal. De aí que as mínimas exixencias éticas de convivencia, participación, coñecemento da diversidade e das situacións de discriminación e inxustiza estean fundamentadas e sexan consecuencias da fe cristiá. Os valores do respecto, cooperación, caridade, xustiza, non-violencia, compromiso e participación teñen a súa fundamentación e referencias cristiás na filiación polo amor de Deus, o amor, a fraternidade, a xustiza, a miseri-

cordia, o perdón, a doazón de si mesmo e a entrega total a favor dos pobres.

En consecuencia, desde o ensino relixioso propónse unha reflexión e unha análise crítica dos valores democráticos e da cidadanía descubriendo que a súa raíz son os principios fundamentais do Evanxeo e da doutrina social da Igrexa.

3. Competencia cultural artística. A contribución á competencia cultural e artística relaciónase cos seus aspectos de coñecemento e valoración de toda a expresión artística, plástica, histórica, simbólica, lingüística, de costumes, ritos, festas, valores e modos de vida impregnados polo Cristianismo desde a súa orixe e o seu desenvolvemento actual, como manifestación do feito relixioso. O alumnado non só vai coñecer, senón que poderá comprender e asumir os valores que supón o coñecemento do feito relixioso na súa expresión artística, cultural e estética, teolóxica e vivencial.

A cultura e a historia europea occidental e a propia historia e cultura española non poden ser comprendidas e asumidas se se prescinde do feito relixioso presente sempre na historia cultural dos pobos e, en concreto, nos pobos de España. É coñecido por todos que a maduración da personalidade humana se realiza dentro da tradición cultural onde medra e se sustenta. Esta maduración realízase nun mundo cada vez máis complexo e de maior contraste cultural e de presenza, respecto e diálogo de culturas.

A relixión e moral católica presenta o acontecemento cristián en diálogo coa cultura, incorporando organicamente o saber da fe no conxunto dos demais saberes. Con iso os alumnos adquiren unha valoración crítica da cultura á luz do Evanxeo, motivando, ao mesmo tempo, o aprecio da propia cultura e a estima axeitada doutras tradicións culturais e relixiosas. Por outra banda, no currículo de relixión católica están presentes tamén os elementos esenciais que definen as grandes relixións da humanidade.

O ensino relixioso católico non só achega á competencia cultural e artística uns coñecementos da arte e cultura con referencia relixiosa e unhas destrezas, senón tamén o sentido e profundidade da súa presenza que remite a un xeito concreto de ver a vida, de expresala e de vivir desde a achega cristiá á cultura. Facendo isto contribúe activamente á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras comunidades.

É tamén cometido do profesor/a de relixión evanxelizarse a cultura, xerar cultura, traballar ao servizo da realización da humanidade segundo a verdade do ser humano. Isto é posible mediante unha pertenza determinante: a pertenza a Xesucristo, o Señor, vivida no presente a través da pertenza á Igrexa.

4. A competencia de aprender a aprender. A área de relixión católica como área de coñecemento dentro do proceso de ensino-aprendizaxe que se leva a cabo na educación contribúe ao desenvolvemento da competencia de aprender a aprender, fomentando as capacidades de aprendizaxe: atención, memoria, experiencia..., o impulso do traballo en equipo, a síntese da información e opinión.

O ensino relixioso axuda a ser protagonistas da súa propia aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore activa e libremente co plan de Deus. Por iso, aprender a aprender supón non só unha proposta consensuada de sentimentos, valores e actitudes, senón un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións, que debe ser crisol na busca da verdade e do ben.

O ensino relixioso proporciónalles aos alumnos e ás alumnas o principio sobre o cal o ser humano se debe sentir orgulloso e motivado como fillo de Deus, para aprender e seguir aprendendo.

5. A competencia sobre autonomía e iniciativa persoal. En canto á autonomía e iniciativa persoal o ensino relixioso católico impartido na escola, cuxo obxectivo

irrenunciante é formar a persoa desde dentro, liberala de todo o que lle impide vivir libremente como persoa, supón a súa efectiva referencia a unha determinada visión do home e ao seu sentido último, para afirmalo, negalo ou prescindir del.

É finalidade fundamental do quefacer da escola que os alumnos e as alumnas descubran a súa identidade persoal, pero isto non será posible sen unha apertura ao significado último e global da súa existencia humana.

A autonomía e iniciativa persoal non se poderá realizar no alumnado se non se coñece a si mesmo no seu ser máis profundo, nas súas potencialidades, na súa dignidade e no seu sentido. O ensino relixioso católico diríxese á persoa concreta nas súas raíces e na súa identidade propia, nas súas posibilidades humanas de acción e de servizo e diríxese ao ser humano na súa finalidade transcendente. Todo iso supón o ofrecemento do Evanxeo de Xesucristo que presenta a humanidade nova feita de homes novos conforme o designio de Deus. O ensino da relixión católica propón a Xesucristo como camiño que nos conduce á verdade e á vida, e débese facer desde a convicción profunda que procede da Igrexa que confesa, celebra e vive a fe en Xesucristo e, en consecuencia, mediante a forma propia e máis coherente de transmitir esa fe da Igrexa: o testemuño. O testemuño de homes e mulleres santos ao longo da historia constitúe un referente continuo para a autoasimilación dos valores máis xenuinamente cristiáns. Desta forma o ensino relixioso educa na iniciativa persoal e autónoma do alumnado polo ben e a verdade.

Na contribución ao desenvolvemento persoal do alumnado, a relixión é xeradora de valores e de integración social, pois o home moderno poderá obter unha nova dimensión totalmente ignorada por outras teorías e escolas como as que se orientan cara ao positivismo e relativismo dun modo excluínte. A relixión colabora nesta competencia entregándolle ao alumnado aquelas virtualidades necesarias para crear as disposicións e actitudes que favorecen a inserción social. A autonomía do individuo cristián vén precisamente favorecida pola apertura a unha visión do mundo e da realidade que posibilita unha formación integral do alumnado superando visións parciais e determinantes da liberdade propia.

Así mesmo, capacita o alumnado para examinar situacións concretas da vida e realizar con autonomía un xuízo crítico e, en consecuencia, cristián.

6. A competencia no coñecemento e interacción co mundo físico. A relixión católica contribúe ao desenvolvemento da competencia no coñecemento e interacción co mundo físico a través da doutrina social da Igrexa, iluminando as respostas e as solucións aos problemas que xorden na interacción do ser humano co medio físico e consigo mesmo. Tamén contribúe á valoración ética do uso da ciencia e da tecnoloxía.

Pola súa vez apoia e dá sentido ás habilidades e destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren desde esta competencia. O cristián entende a natureza como creación de Deus, polo que a valora, a coida e a fomenta.

Todas as contribucións ás distintas competencias poden ser agrupadas e definidas, en canto á achega relixiosa, como un desenvolvemento da capacidade transcendente da persoa, é dicir, a súa achega espiritual e relixiosa. Iso capacítalo para lle dar sentido á súa vida. Con este obxecto, conforman a capacidade transcendente:

A apertura da razón á busca da verdade na superación de todo itinerario racional redutivo, a capacidade de nos deixar confrontar e interpelar pola chamada á liberdade e á felicidade verdadeira, o empeño no diálogo da fe e a razón, da fe e a cultura, a atención á capacidade innata para dinamizar a intelixencia e chamar a razón humana para a busca de «algo máis», propio da busca orixinaria que identifica a todo ser humano, a capacidade de ser e estar xunto aos outros desde a fraternidade, o amor e a

misericordia, a ansia de infinito e a plenificación do ser na vida eterna... son, entre outros, obxectivos e elementos fundamentais no desenvolvemento das competencias antes descritas.

Na educación secundaria, a opción católica ten en conta as características psicolóxicas propias da adolescencia. Nesta idade o alumno cuestiónase especialmente a actitude persoal ante o relixioso dunha forma máis racional e entra nunha fase de interiorización que une a un descubrimento maior de si mesmo unha capacidade crecente de abstracción.

Conforme as competencias establecidas no citado acordo internacional e recoñecidas na disposición adicional segunda da Lei orgánica de educación, 2/2006, do 3 de maio, correspóndelle á Conferencia Episcopal Española fixar o currículo da área de relixión e moral católica.

Obxectivos:

Ao finalizar a educación secundaria obrigatoria préndese que o/a alumno/a sexa quen de:

1. Coñecer e interpretar os distintos elementos que conforman o fenómeno relixioso na súa estrutura e a súa expresión histórica, como base de comprensión das distintas relixións.

2. Razoar as respostas que as grandes relixións dan ás preguntas do ser humano sobre a concepción do home e o seu destino último.

3. Coñecer a Biblia, na súa orixe, estrutura, finalidade e interpretación pertinente en relación coa historia e experiencia relixiosa de Israel, e como expresión da revelación de Deus Pai aos homes.

4. Coñecer os contidos do Cristianismo que fundamentan a concepción do ser humano creado por Deus e destinado a ser fillo seu.

5. Identificar a Xesucristo como Fillo de Deus, salvador encarnado entre os homes, mediante o coñecemento e análise da súa mensaxe, a súa vida e a súa presenza polo Espírito Santo.

6. Analizar e valorar o sentido e finalidade da Igrexa en canto realización institucional do servizo de humanización e salvación que Cristo ofrece ao ser humano e descubrir a súa achega aos procesos máis importantes da historia española e europea.

7. Coñecer e valorar a resposta dos crentes á mensaxe e acontecemento cristián, que se realiza na Igrexa.

8. Comprender e distinguir a acción salvadora de Cristo e o carácter celebrativo de cada un dos sacramentos.

9. Descubrir os fundamentos racionais e revelados que xustifican o ensino moral da Igrexa católica e orientan a relación do home con Deus, consigo mesmo, cos outros e co mundo.

10. Analizar as exigencias e compromisos dos cristiáns na súa relación con Deus, consigo mesmo e cos demais, relacionándoos con outras opcións presentes na sociedade e nas grandes relixións.

11. Recoñecer e valorar os fitos máis importantes da fe cristiá na historia da Igrexa, nas grandes obras da cultura e nas súas festas, considerando tamén as achegas doutras relixións.

12. Analizar os principios que fundamentan a fe cristiá na vida eterna, valorando criticamente a proposta das grandes relixións.

Primeiro curso

Contidos:

1. O ser humano primitivo fronte ao medio, a morte e o máis alá. O sentido dos cultos funerarios e os ritos sacrificiais.

2. Os relatos míticos sobre o home e Deus nas relixións xa desaparecidas: Mesopotamia, Exipto, Grecia e Roma.

3. A multiplicidade de deuses no Hinduísmo. O seu sentido sacral da vida e a presenza de Deus.

4. Deus Pai creador, misericordioso e providente. Concepción cristiá da vida. Ordenación da actividade humana ao ben da creación.

5. O ser humano creado por Deus. Unidade corpo e espírito. O home fillo de Deus.

6. O home rompe con Deus polo pecado. A súa rectificación e perfeccionamento en Cristo. A dor e a morte.

7. Deus revélase en Xesucristo. A salvación e a redención de Xesucristo. A resurrección e a vida eterna.

8. Sentido e significado dalgúns nomes de Cristo no Novo Testamento: Fillo de Deus, Mesías, Señor.

9. Reino de Deus e Igrexa. Significado, realización e transcendencia.

10. As benaventuranzas, anuncio gozoso de Deus e do seu reinado. Seguimento e identificación con Xesucristo.

11. A vida como proxecto persoal. A dignidade da persoa. A persoa humana principal preocupación da Igrexa. A moral do amor.

12. Sentido e finalidade básica da sexualidade. Valor integrador da sexualidade como don de Deus. Respetto e valoración de ambos os dous sexos.

13. O sacramento do matrimonio e a súa moral. Responsabilidade educativa da familia. O divorcio e a súa problemática.

14. A moralidade dos actos no Cristianismo e a súa relación coa proposta moral do Budismo (sentido da felicidade) e do Islam (valor moral das obras).

15. A Virxe María, modelo do crente.

Criterios de avaliación:

1. Sinalar os elementos das relixións primitivas que teñan algunha relación coa cultura relixiosa actual.

2. Establecer distincións entre os relatos míticos da antigüidade e a revelación de Deus no Cristianismo.

3. Formular a concepción do home no Cristianismo e as súas consecuencias na fundamentación dos seus dereitos e deberes.

4. Explicar a orixe e o sentido do mundo e da vida, como froito do desígnio amoroso, misericordioso e providente de Deus Pai.

5. Saber relacionar a Xesucristo coas expectativas do Antigo Testamento.

6. Saber razoar o sentido da salvación do pecado e da morte que Xesucristo outorga ao crente.

7. Recoñecer a mensaxe do Reino e as benaventuranzas como proxecto de vida do cristián que se identifica con Xesucristo e saber aplicar á Igrexa as parábolas do Reino.

8. Razoar os principios e valores que fundamentan a moral cristiá, aplicándoos especialmente á problemática actual sobre a vida.

9. Saber dar razóns do valor da sexualidade como don de Deus e colaboración con El na creación e saber aplicar os fundamentos da moral cristiá á vida sexual.

10. Deducir do sacramento do matrimonio os valores da entrega total, o compromiso, a fidelidade e o sentido da procreación.

11. Comparar o sentido da felicidade, os medios para alcanzala e a proposta moral no Budismo, o Cristianismo e o Islam.

Segundo curso

Contidos:

1. O fenómeno relixioso e a súa linguaxe. A busca de Deus e a súa expresión relixiosa, histórica, cultural e social.

2. A experiencia relixiosa como realidade antropolóxica. O sentido da transcendencia. As grandes preguntas do home onde se enraiza o relixioso.

3. A plenitude da experiencia relixiosa: o encontro do home con Deus. O Cristianismo e a revelación de Deus nos acontecementos e palabras testemuñados pola Sagrada Escritura.

4. O mal e o pecado. A ruptura do home con Deus. O valor das mediacións.

5. Xesucristo, verdadeiro Deus e verdadeiro home, mediador noso.

6. Xesucristo revélalle ao home a súa orixe, a súa condición e o seu destino como fillo de Deus.

7. A confesión de fe na encarnación, morte e resurrección de Xesús nas primeiras comunidades cristiás. A presenza de María no misterio de Cristo.

8. A presenza viva de Deus na Igrexa, sacramento universal de salvación. A Igrexa continúa a obra de Xesucristo, animada polo Espírito Santo.

9. A fe e o seguimento. A santidad como meta de todo cristián.

10. Manifestacións da graza de Deus: orixe, finalidade e sentido dos sacramentos do bautismo, a reconciliación, a eucaristía e a unción dos enfermos. Relacións entre estes sacramentos e a vida humana.

11. A liturxia como expresión da relación de Deus cos homes e dos homes con El. Orixe e actualidade. O valor da oración.

12. Moral das relacións do home con Deus: 1.º, 2.º e 3.º mandamentos.

13. Moral en relación coa verdade e a autenticidade persoal. A súa presenza nos medios de comunicación.

14. Compromiso dos cristiáns na construción da cidade terrestre e valoración das achegas doutras relixións.

15. A civilización do amor: Deus promete un ceo novo e unha terra nova.

Cráterios de avaliación:

1. Detectar os principais elementos que constitúen o fenómeno relixioso e a súa expresión concreta no Cristianismo.

2. Describir o sentido da vida que ofrece a experiencia relixiosa nas grandes relixións.

3. Razoar a responsabilidade persoal que supón o pecado como dano contra un mesmo, contra os demais e como separación de Deus.

4. Explicar o sentido da fe cristiá como identificación con Xesucristo e a súa realización plena na vida eterna.

5. Saber utilizar a mensaxe dalgúns textos e acontecementos bíblicos para comprobar as manifestacións de Deus e razoar que Xesucristo é verdadeiro Deus e verdadeiro home.

6. Saber interpretar a morte e resurrección de Xesucristo como fonte de amor, perdón, esperanza e novo nacemento para os fillos de Deus.

7. Especificar signos concretos da presenza e acción de Deus na vida da Igrexa.

8. Explicar as razóns polas que o cristián ama e celebra o amor de Deus como raíz da súa filiación.

9. Saber establecer relacións entre a vida humana e os sacramentos do bautismo, a reconciliación, a eucaristía e a unción dos enfermos.

10. Sinalar na liturxia a relación de Deus cos seus fillos e a resposta destes.

11. Saber identificar nalgunhas actitudes e situacións concretas os feitos que van contra a verdade.

12. Ilustrar con exemplos as accións sociais que a Igrexa realiza mediante as súas institucións.

13. Explicar por que, segundo a fe cristiá, o Reino de Deus alcanzará a súa plenitude nun mundo novo, recreado por Deus.

Terceiro curso

Contidos:

1. O proxecto de Deus sobre o home segundo o Xudaísmo, o Cristianismo e o Islam.

2. A revelación progresiva de Deus no pobo de Israel. O Xudaísmo.

3. Fontes da revelación de Deus: escritura, tradición e maxisterio.

4. Elementos básicos de interpretación da Biblia. Xéneros literarios. Os libros do Antigo Testamento e do Novo Testamento: división, descrición e autores.

5. Deus, misterio de comunión: a Trindade. Fundamentación bíblica e formación da doutrina trinitaria.

6. Análise das fontes (xudías, romanas e cristiás) sobre a vida de Xesús e o seu tempo. A historicidade dos evanxeos. Xesucristo verdadeiro Deus e verdadeiro home.

7. Xesucristo convoca e congrega a comunidade dos seus discípulos. A Igrexa, misterio de comunión. O Espírito Santo, forza e vida dos crentes.

8. A Igrexa, pobo de Deus. A misión da Igrexa: catolicidade e carácter misionero. Os sacramentos da confirmación e a orde sacerdotal.

9. A fe, resposta dos cristiáns á persoa de Xesucristo. Razóns para crer e actitudes dos crentes. As benaventuranzas.

10. Fundamentos da dimensión moral da persoa. A conciencia moral. A relación con Deus e cos irmáns. Liberdade e busca voluntaria do ben.

11. Moral da vida humana e problemática actual: manipulación xenética, aborto, eutanasia, lexítima defensa, pena de morte, drogas e alcoholismo.

12. A Igrexa primitiva nos Feitos dos Apóstolos. A súa implantación nos séculos II e III. A Igrexa doméstica. Primeiras persecucións. Ministerios nas primeiras comunidades.

13. Primeira arte cristiá: o Bo Pastor, as catacumbas, símbolos cristiáns das comunidades apostólicas.

14. A influencia das relixións monoteístas na configuración da historia e cultura española. Presenza dalgúns elementos artísticos.

15. María, realización da esperanza.

16. A vinda do Señor, o xuízo e a vida eterna.

Cráterios de avaliación:

1. Diferenciar os elementos básicos do proxecto de Deus sobre o home nas relixións monoteístas.

2. Identificar o xénero literario e o autor dalgúns textos da Biblia.

3. Establecer relacións entre textos da Biblia, da tradición e o maxisterio sobre a revelación de Deus.

4. Saber relacionar a experiencia de liberación de Israel coa presenza de Deus como Pai amoroso no medio do seu pobo.

5. Situar cronoloxicamente os fitos máis importantes da revelación de Deus que van preparando a encarnación do Fillo, e sinalar as fontes históricas sobre a vida e obra de Xesucristo.

6. Razoar o fundamento da Igrexa comunión, os seus signos e as consecuencias na vida do crente pola acción do espírito.

7. Razoar como os carismas e ministerios desenvolven a misión da Igrexa.

8. Distinguir a fe como don de Deus e como resposta razoable do home.

9. Describir os trazos esenciais da fe das comunidades cristiás nos tres primeiros séculos e a súa expresión na arte.

10. Razoar o valor da liberdade como elección da verdade e do ben e raíz da responsabilidade dos propios actos.

11. Saber sintetizar, desde as benaventuras, un código de conduta cristián.
12. Aplicar os principios morais do Cristianismo aos problemas actuais máis desacougantes sobre a vida.
13. Mostrar algunhas achegas das relixións mono-teístas á cultura española.
14. Localizar algúns textos bíblicos sobre o xuízo e destino final e saber relacionar a festa da Asunción da Virxe coa esperanza de vida eterna.

Cuarto curso

Contidos:

1. O misterio da Igrexa. Realidade visible e espiritual. Misterio da unión dos homes con Deus.
2. A presenza e realización das notas da Igrexa ao longo da historia.
3. A Igrexa, unidade dos cristiáns nun só Corpo, cuxa vida é Cristo.
4. Final da vixencia do paganismo e extensión do Cristianismo no Imperio Romano. Constantino e o Edicto de Milán. San Xerome e Santo Agostiño. Concilios de Éfeso e Calcedonia. Algunhas desviacións doutrinarias. Diálogo fe-cultura nos primeiros séculos.
5. A cultura cristiá antiga. A basílica paleocristiá. «As Confesións» de Santo Agostiño.
6. A evanxelización de Europa. O monacato: a regra benedictina. Mahoma: o mesianismo islámico e a disputa iconoclasta. III Concilio de Toledo. Santo Isidoro. Carlomagno e a Europa cristiá. Fundación dos Estados Pontificios. A relixión cristiá na España musulmá. O rito mozárabe.
7. As basílicas visigóticas e románicas: arquitectura, escultura e pintura.
8. O primeiro cambio de milenio. Cisma de Oriente. As peregrinacións: o Camiño de Santiago, vertebrador de Europa. Preservación dos santos lugares: as Cruzadas. As ordes militares. A reforma do monacato: Cluny e San Bernardo. O movemento a favor da pobreza e as ordes mendicantes: San Francisco de Asís e San Domingos de Guzmán. Aviñón e o Cisma de Occidente.
9. A catedral gótica: arquitectura, escultura e vidreiras. O canto gregoriano.
10. O Cristianismo durante o Renacemento e o Barroco. A importancia da universidade: Duns Scoto, Santo Anselmo, San Tomé. A reforma protestante. Trento e a reforma católica. Novas ordes relixiosas. Grandes santos e místicos españois: Santa Teresa de Xesús, San Xoán da Cruz e Santo Ignacio de Loyola. A Inquisición. A evanxelización do Novo Mundo: a defensa dos indios e as reducións de Paraguai.
11. A arte cristiá no Renacemento e no Barroco. A literatura mística. A música como expresión da experiencia relixiosa.
12. A Igrexa no mundo contemporáneo. O conflito fe-razón. A preocupación pola cuestión social. As novas ordes relixiosas, pioneiras na educación, a sanidade e a asistencia. Grandes educadores cristiáns. A expansión misioneira e a presenza da Igrexa no «cuarto mundo». Ciencia e relixión.
13. A expresión contemporánea da arte cristiá. Rexurdir da pintura mística e ecuménica. A concepción relixiosa moderna en arquitectura. A música relixiosa actual. A poesía mística hoxe.
14. O encontro coa modernidade e a renovación interior da Igrexa contemporánea: o Concilio Vaticano II. Liñas mestras das constitucións. Totalitarismos de estado e a súa catástrofe moral. O Holocausto. Xudaísmo e Islam contemporáneos: tradición e modernidade.
15. O segundo cambio de milenio. A presenza do relixioso nos medios de comunicación e a creación virtual de opinión.

Criterios de avaliación:

1. Argumentar sobre o servizo que a Igrexa presta ao longo dos séculos ao nos transmitir íntegras a mensaxe e a vida de Xesús.
2. Apreciar que a santidad da Igrexa é eficaz, malia o pecado dos seus fillos.
3. Situar no seu contexto histórico algúns feitos da Igrexa como servizo da fe.
4. Describir o servizo que os modelos de vida cristiáns achegaron á cultura de cada época.
5. Razoar o servizo dos concilios á transmisión da fe.
6. Explicar o sentido relixioso das peregrinacións.
7. Razoar o sentido das reformas da Igrexa como renovación nas súas raíces evanxélicas.
8. Localizar as achegas dos grandes santos e doutores da Igrexa na construción de Europa e a súa evanxelización.
9. Situar o servizo que a Igrexa realiza á cultura desde as súas institucións e persoas relevantes no Renacemento e Barroco.
10. Describir a acción educativa e social da Igrexa no mundo contemporáneo.
11. Identificar os grandes fitos da arte cristiá como expresión da fe do pobo e manifestación da acción de Deus no mundo.
12. Sinalar, nalgúns textos do Concilio Vaticano II, as achegas da Igrexa sobre o diálogo co mundo.

XEFATURA DO ESTADO

12945 *LEI 14/2007, do 3 de xullo, de investigación biomédica.* («BOE» 159, do 4-7-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

A investigación biomédica e en ciencias da saúde é un instrumento clave para mellorar a calidade e a expectativa de vida dos cidadáns e para aumentar o seu benestar, que cambiou de xeito substancial, tanto metodolóxico como conceptualmente, nos últimos anos. A aparición de novas ferramentas analíticas levou a grandes descubrimentos que permiten albergar fundadas esperanzas sobre o tratamento, e mesmo a curación nun futuro non moi afastado, de patoloxías ata o de agora inabordables.

En poucos anos cobrou enorme relevancia a obtención, utilización, almacenaxe e cesión das mostras biolóxicas con fins de diagnóstico e de investigación, son cada vez máis frecuentes as investigacións que implican procedementos invasivos en seres humanos, e a investigación con gametos, embrións ou células embrionarias fíxose imprescindible no ámbito da terapia celular e a medicina rexenerativa. Non obstante, estes avances científicos e os procedementos e ferramentas utilizados para alcanzalos xeran importantes incertezas éticas e xurídicas que deben